

Cómo melloramos a Formación para o emprego?

VI FORO

de capacitación sobre POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR e VOLUNTARIADO

Creceamento inclusivo, emprego digno e loita contra a pobreza

DENDE CANDO TER
EMPREGO GARANTE
SAÍR DA POBREZA ?

#EmpregoPobreza

30 de
novembro
2016

Santiago
de Compostela
Facultade de
Económicas e
Empresariais USC

info@eapn-galicia.com · www.eapn.es · www.pobreza.gal

Organizan

Subvenciona

Colaboran



QUE ESTÁ FUNCIONANDO?

- Hai bastantes opcións formativas dispoñibles.
- Hai diversos axentes proporcionando formación; Rede de centros de Formación da Xunta de Galicia, Concellos, Entidades Sociais, Entidades privadas,...
- Hai dispoñibilidade de fondos para formación.
- Os recursos como a formación dual; formación práctica no posto de traballo
- Competencias clave e certificado de profesionalidade o cal ademais de certificar experiencia profesional permite moitas veces a reincorporación ao sistema educativo formal.
- A formación específica (sin titulación) da bos resultados en determinados colectivos en risco de exclusión, co cal acceden a estas certificacións de competencias.

QUE ESTÁ FUNCIONANDO?

- Os viveiros de empresas: sendo espazos onde desenvolver e poñer en marcha proxectos empresariais. Coordínanse as accións formativas, asesoramento, instalacións, etc.
- Quedou clara a presenza e importancia dos orientadores profesionais, onde hai hoxe 1 orientador en tódolos IES y CIFP.
- Temos nocións dos problemas, e isto é importante porque permite traballar sobre eles. A Axenda 20 emprego reconece estas vantaxes.
- Hai moito capital humano con organizacións comprometidas.
- Hai 28 FP básica (Nivel I), 55 Grado Medio (Nivell II) y 88 grado Superior (Nivel III)

Organiza



Colabora



QUE NON ESTÁ FUNCIONANDO?

- Complexidade e rixidez da normativa do Sistema Educativo (non se logra equilibrio entre moi regulado e non regulado) e da normativa de formación (Lei 30/2015)
- Dificultade dos colectivos en exclusión social de acceder o sistema educativo/formación para o emprego (non cumpren requisitos) ou no caso de acceder para manterse e superar contidos (non contan con apoios, adaptacións).
- Falta de liñas de accións específicas para colectivos en risco que amosen una flexibilidade do sistema.
- A orientación profesional e a información non resulta axeitada e os distintos axentes que a realizan non esta debidamente coordinados

Organiza



Colabora



COMO O MELLORAMOS?

- Flexibilidade do sistema, liñas de traballo específico con opción de acceso as persoas de colectivos exclusión social; homologacións provisionais, apoios e adaptacións, prazos realizables e axustados a non alongar os procesos formativos no tempo,....
- Coordinación e compartir entre os distintos axentes; Educación+Emprego+Política Social+ Entidades Sociais+Empresas: **Proponse polo grupo de Debate: que EAPN promova que se creen espazo como este para intercambiar información de recursos dispoñibles, compartir a posta en práctica e as necesidades reais das persoas.**
- Campañas de información dos recursos e alternativas dispoñibles e de sensibilización e motivación
- Formación para profesionais do sector, quedou claro que os profesionais que traballan no sector non teñen moitos coñecementos globais e integrado sobre ás políticas conxuntas a nivel educación e traballo (niveis, certificados).
- Cursos que acheguen o mercado laboral ás persoas en risco de exclusión sen ningún tipo de titulación formal, fomentar o interese das persoas e facelo visible e concreto, que se vexa como unha oportunidade e non como un obstáculo.

Organiza



Colabora

